

ROF		
EXPEDIENTE	Sesión ordinaria do Pleno do Concello 26.12.2013	Ref. 10/2013
TRÁMITE	Acta	

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO 26 DE DECEMBRO DE 2013

No Salón de actos do Concello de Mos, sendo as 18:20 horas do día 26 de decembro de 2013, reúnese o Pleno deste Concello, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a Nidia María Arévalo Gómez, có fin de celebrar sesión ordinaria segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Srs. Concelleiros.

Asisten os seguintes Srs. Concelleiros:

Polo grupo municipal P.P.:

D. Óscar Soto Abadín
D^a. Julia Loureiro Campo
D. Alberto Méndez Lago
D. José Luis Alonso Seijo
D^a. M^a Raquel Monzón Otero
D. Cándido Pérez Rodríguez
D^a. Sara M^a Cebreiro Alonso
D. Camilo Augusto Martínez
D. Isidoro José Táboas Moldes

Polo grupo municipal PSdG-PSOE:

D. Tomás García Morgadas
D. Alfonso Parada Fernández
D^a Delfina Rodríguez Lorenzo
D^a. Patricia Pérez Ucha
D. Gerardo Guisande Alonso

Polo grupo municipal B.N.G.:

D. Miguel Anxo Aldea Moscoso
D^a. M^a del Carmen Vila Blanco

Secretario acctal.,

Víctor Rodríguez Pérez

Interventor acctal.,

Nemesio Lorenzo Pérez

1. Aprobación borrador acta sesión anterior (28 de novembro de 2013).

Iníciase a sesión someténdose á aprobación dos membros corporativos, a acta da sesión celebradas con data 31 de outubro de 2013, ao abeiro do sinalado no artigo 91.1º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A Sra. Alcaldesa pregunta se hai alegacións a acta, e o non producirse somete á votación ordinaria, aprobándose por unanimidade dos membros da Corporación

2. Cesión de uso do local social de Veigadaña á Asociación de Veciños de Veigadaña.

Dáse conta que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o 20 de decembro de 2013.

O Sr. Parada Fernández intervén para felicitar a súa Asociación de veciños de Veigadaña pola a súa andadura.

O Sr. Aldea Moscoso di que o seu grupo absterase porque deberíase esperar a nulidade da cesión dos terreos.

A Sra. Alcaldesa di que coque se pretende e gañar tempo para os veciños e regularizar a situación.

Non habendo intervencións a Sra. Alcaldesa somete o acordo a votación ordinaria, aprobándose por maioría, co voto favorable dos 10 membros do grupo municipal do P.P. e dos 5 membros do P.S.deG.-P.-S.O.E. (5) e a abstención do grupo municipal do grupo B.N.G. (2), o seguinte ACORDO:

1. Declarar a utilidade pública a ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SANTA ANA DE VEIGADAÑA
2. Aprobar a concesión directa, á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SANTA ANA DE VEIGADAÑA, do uso da aula **Edificación para Asociación Veciñal de Veigadaña**, sito no lugar de Veigadaña, na parroquia de Petelos, polo sistema de concesión demanial directa xustificado nos artigos 93 e 137.4 da lei 33/2003, toda vez que se trata dunha asociación sen ánimo de lucro que realizará fins de interese xeral.
3. A concesión do uso é con carácter gratuito se ben condiciónase aos usos sinalados nos estatutos da asociación, de modo que, de deixar a edificación cedida de estar afecta á finalidade pretendida considerárase resolta a concesión.
4. A concesión directa terá unha duración de SETENTA E CINCO anos a contar dende a sinatura do contrato en documento administrativo.
5. A asociación non poderá cambiar o destino do local, nin utiliza-lo para usos distintos dos propios da Asociación, e tampouco poderá arrendar, traspasar nin ceder a terceiros, nin onerosamente nin en precario, todo ou parte do local obxecto de cesión, obrigándose a conservalo en bo estado, realizando para elo as reparacións que sexan necesarias.
6. A cesionaria obrígase ao mentemento en bo estado dos bens obxecto da cesión.
7. Unha vez finalizado o período de concesión os bens cedidos revertirán ao Concello.
8. O Concello poderá deixar sen efecto a concesión antes do vencemento, se o xustificaren circunstancias sobrevidas de interese público, mediante resarcimento dos danos que se causaren, ou sen él cando non procedera.
9. A concesión outórgase, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.
10. A cesionaria obrígase a abandonar y deixar libres e vacuos, a disposición da administración, dentro do prazo, os bens obxecto da utilización, recoñecendo a potestade daquela para acordar e executar por si o lanzamento.
11. Aos efectos de sancións en caso de infraccións administrativas será de aplicación o establecido na Ley 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas.
12. A asociación nomeará un representante para a materialización das actuacións necesarias para o uso comunicando as mesmas ao Concello.
13. A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SANTA ANA DE VEIGADAÑA é unha asociación privada que por razón desta actividade non queda en relación de dependencia respecto ao Concello, nin éste presta conformidade ou aquiescencia algunha, polo que non se fai responsable, nin directa nin subsidiariamente dos danos tanto materiais, como persoais ou morais que, por acción ou omisión poidan producirse no recinto do local.

14. A Asociación ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SANTA ANA DE VEIGADAÑA asumirá todos os custos derivados do uso e mantemento da edificación.
15. Facultar á Sra. Alcaldesa para que en nome e representación do Concello de Mos subscriba o correspondente contrato en documento administrativo.

3. Dación de conta das Ordenanzas Fiscais do Consorcio da Auga do Louro.

Dáse conta das Ordenanzas fiscais do Consorcio da Auga do Louro: Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de sumidoiros e depuración de augas residuais no ámbito territorial do consorcio e ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable no ámbito territorial do consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro.

4. Resolucións Alcaldía.

Dáse por realizado o trámite.

5. Comunicacions de Alcaldía.

A concelleira delegada de cultura e benestar social, Sra. Cebreiro Alonso, informa:

- Do concerto de Pedraquenteña o domingo 29 de decembro
- Da cabalgata dos Reises Magos o día 5 de xeneiro.

A concelleira delegada de participación cidadá, Sra. Monzón Otero, comunica que o domingo día 29 é o último día de "ocio en familia" coa actuación do "Zalo o cabalo".

6. Rogos e preguntas.

Abre a quenda o **Sr. García Morgadas** preguntando polo convenio coa Deputación sobre proxecto incluído no Depogap, si ten custe e porque hai un Decreto sobre o mesmo.

Contesta a Alcaldesa que se trata dun proxecto de optimización de recursos que non ten custe para o Concello.

O Sr. García Morgadas inquire si se cambiou de letrado no Concello.

Responde a Alcaldesa que cando goberno traballa cos avogados que considera, éste habitualmente traballa para temas de urbanismo con Jerónimo Escariz e temas de Secretaria e persoal con Martín Serantes e que esta avogada é do concello de Mos e vaise lle dando algún caso.

Pregunta por un pagamento a xustificar do Concelleiro, Sr. Soto Abadín, para gastos protocolarios. Explica a concelleira Cebreiro Alonso que son as fundas para os libros de Mos.

Sobre o alcantarillado pregunta si se engancha directamente a rede xeral.

Contesta o concelleiro delegado de saneamento que despende do caso segundo o considere o técnico.

O **Sr. Parada Fernández**, pregunta ao concelleiro de vías e obras polas sinais da carretera de Guizán e pide que se estudie a posibilidade de facer algún tipo de regulación de tráfico xa que a estrada de Peinador estase utilizando como vial alternativo para non ter que dar a volta na rotonda e nese vial hai coches aparcados aos dous lados polo que hai dificultades cando pasa un trailer, ademais da peligrosidade para xirar hacia baixo.

Responde o concelleiro, Sr. Mendez Lago, que toma nota.

Pregunta si para a colocación das sinais turísticas se tivo en conta a normativa de Patrimonio
Responde a concelleira Sra. Cebreiro Alonso, que cumpren con tódalas homologacións e supervisada pola Secretaria de Turismo.

Sobre a sinalización dos camiños si xa se rematou sería interesante publicar uns ruiros e facerllos chegar as empresas de transportes.

Roga que se dixitalice o arquivo municipal.

Sobre a cesión do Centro de Saúde roga que ao facer una nota de prensa se faga rigorosa e ademais que se debería informa previamente aos distintos grupos políticos antes de publicar a noticia.

Remata a súa intervención desexando bo nadal a todos.

A **Sra. Rodríguez Lorenzo** di que, na estrada de Guizán, á altura dun establecemento público hai varios coches aparcados que invaden a estrada, polo que pregaria un control de tráfico.
Responde a concelleira Sra. Loureiro Campo, que esa carretera non é competencia do Concello e que nesos casos haberá que chamar a tráfico.

A **Sra. Pérez Ucha** di que quere expresar un desexo para o ano 2014 é que os 1.700 parados de Mos atopen traballo e que nos plans de emprego da Xunta e da Deputación corran lista e non se chame sempre os mesmos.

O **Sr. Guisande Alonso** volve a rogar que se pinten os pasos de cebra.

A Sra. Alcaldesa manifesta que o enxeñeiro de Fomento se comprometeu a que quedarían pintados ao pasar a chuvia.

Pregunta se a Casa rectoral esta rematada.

A Alcaldesa di que para Afaga si que quedan cousas menores que está o Concelleiro Augusto Martinez con elas.

O **Sr. Aldea Moscoso**, pregunta si as luces da pista de Abrente as paga o Concello, si é así, aínda que non se deberá pagar, polo menos chamarlle a atención para que teñan un control .

Roga que se lle conteste ao veciño de Sanguñeda que presentou un escrito en urbanismo para saber si un camiño de Sanguñeda, detrás da Ponte de Senlle, é público ou privado.

Pregunta que vai pasar co persoal de limpeza do Centro de saúde.

Responde a Alcaldesa que fai falta no concello.

Termina felicitando o ano a Corporación e os traballadores do Concello.

Intervén a Alcaldesa para explicar sobre a cesión do centro de saúde, que este tema lle chama a atención aos periodistas, e lle preguntaron directamente a ela e que preguntado ao secretario díxolle que podería estar resolto para febreiro e foi iso o que lle trasladou ao periodista; pere que trata de ter informada a Corporación de todo e que intentará que non volva a ocorrer.

Rematado o punto e despois de agradecer o respecto de toda a Corporación e que espera un ano 2014 fructífero. E non habendo máis asuntos que tratar, a Alcaldesa levantou a sesión sendo as dezanove horas e trece minutos do vinte e seis de decembro de dous mil trece, estendéndose a presente acta da que como secretario dou fe.

A Alcaldesa
Visto e prace

Nidia M^a Arévalo Gómez

O Secretario acetal.,

Víctor Rodríguez Pérez